

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "ESTUDO INTEGRAL DA CALIDADE AMBIENTAL DOS SEDIMENTOS EN RELACIÓN COA PERDA DE CAPACIDADE PRODUTIVA DOS BANCOS MARISQUEIROS DE BIVALVOS NA RÍA DE FERROL (BIVAFERROL)"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, 07 de xaneiro de 2026, ata o 30 de novembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a USC para estudar o estado de conservación ambiental da ría de Ferrol a dúas escalas: a escala global, que integra unha diagnose da calidade dos medios sedimentarios do conxunto da ría, e a escala local, mediante a monitorización das principais variables ambientais que potencialmente poden limitar a produtividade dos bancos marisqueiros, e acadar os obxectivos da proposta:

1. Coñecer a evolución da calidade ambiental dos medios sedimentarios do conxunto da ría de Ferrol e os seus hábitats de interese comunitario en relación coa actividade antrópica.
2. Identificar as causas locais que repercuten na perda de produción dos bancos marisqueiros.
3. Implementar medidas de actuación capaces de reverter a perda de produción mediante a implementación de medidas mitigantes dos impactos identificados.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.

– O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: “Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños”. Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a “fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos”, desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

– Os proxectos aprobados pola citada Rede financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

– Na xuntanza ordinaria da Rede celebrada o día 30 de setembro de 2025, esta valorou positivamente a realización dun convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a USC para avaliar a variación espazo-temporais da calidade dos ambientes sedimentarios da ría de Ferrol en relación coas alteracións antrópicas e a súa incidencia nos hábitats de interese comunitario e o declive da produtividade marisqueira, así como identificar as causas locais do declive da produción de bivalvos e propor a mellora ou mesmo novas medidas de actuacións.

– A Consellería do Mar e a USC consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan estudar o estado de conservación ambiental da ría de Ferrol. A información derivada deste proxecto proporcionará unha avaliación do estado actual e evolución dos recursos e actividade pesqueira que proporcionará á Consellería do Mar e resto de integrantes da Rede o coñecemento necesario para mellorar a súa xestión e asegurar a sustentabilidade da pesca artesanal en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

